



Colabora : Concello Barbadás / Cultura







PRÓLOGO

O alcume, título co que a sabedoría popular designaba a certas persoas para diferencialas e definilas dunha maneira enxeñosa, non coñece nin de lugares nin de clases sociais, desde Roma con alcumes aos seus Cesares, (Calígula, Pulcro, etc), a calquera Reino coas súas realezas, (o Sabio, o Fermoso., o Cruel), nin a mesma Divindade escapa a estes sobrenomes (Deus, Creador, Todopoderoso etc...).

Gran parte dos nosos apelidos na súa mais remota orixe proceden de motes ou alcumes, normalmente xurdían na cabeza de familia e era transmitido hereditariamente aos demais membros, así atopamos apelidos como Rubio, Moreno ou Gallego, Aragonés.

Pero non só as persoas teñen mote, tamén as cousas, por exemplo a certas moedas coñecíanse como “perras chicas ou perras gordas”, ”cas e cadelas”, ou “duro, cabezón”, ou por exemplo a mesma Constitución de 1812 coñecíase como “a Pepa”.

O mote, alcume ou un alias, non e propiedade persoal, se non patrimonio da colectividade, xa que por norma xeral o ultimo en decatarse sexa un mesmo, e deamos grazas por ser imposto con maior ou menor fortuna, por que para uns será un “San Benito” ou unha carga da que non se quere ou coñece a súa orixe nin se

poderá desprender nunca, e para outros, a gran maioría o uso do alcume reflexe o mellor sentido do humor.

Existen motes para todos e para todo,. Alcumes individuais e colectivos, propios ou particulares, antigos e modernos, familiares, de lugares ou xeográficos debido ao seu nacemento ou situación temporal, de oficios e profesións, de actuacións ou xestas, de peculiaridades físicas, psíquicas ou de personalidade (Triste, Salao, Coxo, Torto), de marcas comerciais, de nomes ou apelidos deformados, de animais ou obxetos, de frases feitas, onomatopeas, nomes de famosos, e motes compostos por dous ou mais alcumes.

Tal e como describiu D. José Ramón Fernández Oxea na súa obra “Mil y pico de apodos ourensanos”, en 1971, poucas tarefas haberá tan vidriosas, tan cheas de perigos como a publicación dunha simple lista de alcumes, aínda que se faga sen comentarios, sen aclaracións, sen explicacións; pois, aínda que é certo que hai a quen non lle importa o mote herdado dos seus pais ou avós, e que son moitos que o teñen como brasón e non reparan en poñelo a fronte do seu negocio e mesmo nas necrolóxicas, pero tamén hai unha minoría para quen é unha ultraxe que xustifica unha agresión persoal.

Desde a Asociación Cultural Porta da Cadea, non tratamos de ferir a sensibilidade de ninguén e de antemán pedimos desculpas se alguén se sente ofendido, esperemos que non sexa o caso, por iso creemos que as palabras non firen, si non os que as pronuncian.

Con todo o noso agarimo tentamos preservar o patrimonio inmaterial de Sobrado do Bispo, editando esta modesta lista cunha pequena parte de motes dos nosos veciños, en homenaxe as persoas que non están connosco e deixáronnos en herdanza o seu alcume.

Nesta segunda edición incorporamos ademais de outra gran cantidade de alcumes do pobo, unha pequena mostra dos motes dos pobos da contorna, Barbadás, Bentraces e Moreiras, pobos con gran tradición “satírica”.

É labor de todos nos que non se esquezan, xa que perderíamos gran parte da nosa identidade e patrimonio cultural, e como rezaba o - mudo - :

**“pobre do que careza de mote ou alcume,
porque será insignificante e anónimo”**

-A-

Abisinio: Podría ser por rasgos físicos, pelo crespo, tez escura, orellas grandes, etc, ou por

actuar de forma extraña, *Dicc.* Natural de Abisinia (Etiopía)./ Raza de gato de moito pelo e orellas grandes e puntiagudas. / Pastel de crema típico de Valladolid.

Alegria: Alejandro González Casas, músico da Banda de Sobrado, tocaba o bombo e os platillos, viviu no barrio de Prado. *Dicc.* Alegre, persoa que é causa de xúbilo.

Alerón: De oficio mecánico, *Dicc.* Peza rectangular que se coloca na parte traseira dun automóbil para facelo máis aerodinámico.

Amor

5 **Antelano:** Orixinario de Antela, Xinzo de Limia. *ex. -El Eco Antelano foi un xornal editado en Xinzo de Limia entre 1911 e 1912-.*

Artilleiro: *Dicc.* Soldado de artillaría. / Individuo que se encarga de cargar e dar lume aos explosivos.

Asuero (O): Era unha especie de curandeiro. / Fernando Asuero Sáenz de Cenzano foi un polémico médico creador da

ausueroterapia , dubidoso método que por medio de pequenas cauterizacións curaba varias enfermidades.

Ave-fría: Por tranquilo .*Dicc.* Ave zancuda de tamaño medio e patas longas, cunha crista delgada.

-B-

Barallas: *Dicc.* Relativo os naipes. / Liortas, refregas.

10 Barbadasíño: Orixinario de Barbadás, en Ourense existía unha Barbadasa, natural de Barbadás.

Barbona (A tía): Dolores Crestelo, tiña unha pescaderia no Medo, na actual Costa Mollada, a seu alcume ven por algún tivo de vello na cara.

Barrabás: Por traveso, amigo de enredar. Mote típico en varias localidades. *Dicc.* Home ou neno que fai falcatruadas ou trasnadas.

Barricos: Pode proceder de Barrica, *Dicc.* Cuba ou tonel, de madeira utilizada de forma habitual para a crianza do viño.

Basilio: Nome propio que pasou a un fillo como mote.

15 **Bedo**

Benión/ós: Procede do nome propio de Benigno/a.

Bisté: *Dicc.* Filete de carne de vacún.

Bois: *Dicc.* Touro que se emprega como animal de tiro ou semental.

Bolacha

20 **Bolero:** Avó do Papapo, de oficio enterrador.

Bolitas: *Dicc.* Diminutivo de bola, canica. / En varios países sudamericanos e de forma despectiva, usase esta palabra en vez de neno ou rapaz.

Bombero: De oficio.

Borrallita: *Dicc.* Diminutivo de borralla, cinza, borra.

Bosteiro: *Dicc.* Que está sucio.

25 **Boticas:** *Dicc.* Se procede de botica, establecemento onde se venden e se preparan medicamentos. / Que ten de todo. / Que gasta moito por ter quen o axude.

Bragas

Bruxa

Bufo: *Dicc.* Acción e efecto de bufar. / Ave rapaz nocturna da familia dos estríxidos, ademais de outras definicións.

Bula-Bula

30 **Bulolas**

Busca (O)

-C-

Cabeza hinchada: Tamén coñecido por D. Luis.

Cabezón: Típico alcume de rasgos físicos, por cabeza grande ou tamén por testarudo.

Cachabello: Bandido, ladrón cun estilo propio de roubar, facendo manifatos ou monicreques grandes como homes, asustaba os veciños dos pobos cercanos o monte do Castro, roubandolle os cartos.

35 Cachana (A)

Cachanchán: *Dicc.* Persoa adulona, servil, palabra moi utilizada en Cuba.

Cachas (Os): Plural, varios.

Cachela (A): *Dicc.* Morea de leña ou outro combustible que arde e fai laparada, ex. *-saltar a cachela ou saltar a cacharela-*.

Cachiñas: Diminutivo, fillo do Cachas.

40 Cacifo: *Dicc.* Recipiente pequeno no que se garda o sal ou as especies. / Gaiola de vimbios para cazar paxaros. / Cesto de vimbios do pescador. / Casilleiro. / Taquilla.

Cadabullo: Alcume familiar importado do pobo de Moreiras, e afincado en Sobrado.

Dicc. Estrema dunha leira cando queda sen traballar. /Terrón moi duro que levanta o arado. /Porción sólida e compacta que se forma ao callar ou abolarse unha substancia, *ex. -remexe ben a masa para que non se fagan cadabullos-*.

Cagallona: Mestra da escola, alcume posto por os alumnos.

Calamucas

Calaquero: Oficio en sudamérica, traballador de unha funeraria.

45 Calderexo

Calelo

Calote: Membro da Banda de Sobrado, de nome Genebrando. *Dicc.* Engano, estafa. /Falta de verdade no que se di ou fai, para conseguir algo de alguén mediante engano, *ex. -nunca pensei ser vítima de semellante calote-*.

Calou

Caninoias: Músico da banda de Sobrado, de nome Emilio, de Bentraces, alcumeado por ser seguidor do político do Partido Conservador Senén *Canido Pardo*.

- 50 **Cantazo:** Posiblemente por duro, xa que tamén se dedicou o boxeo. Mote popular, José Ramón Fernández. Oxea, autor de “Mil y pico de apodos orensanos”, coñeceu a dous en Ourense.

Cantidad

Cañete

Cañitas: Alcume típico en moitas localidades.

Carallos: A Lola dos carallos.

- 55 **Carrachudo**

Carrapita: A tía carrapita, era pequeniña.

Carrapito

Carraschos (As)

Carrasca: *Dicc.* Aciñeira pequena ou mata dela. /Instrumento musical antigo.

60 **Carteiro:** Oficio, persoa que reparte o correo.

Cascasio

Casquete

Castillera (A): Vivía na casa que lle chamaban o castillo.

Castillo: Lugar, casa fidalga situada nunha zona elevada do pobo de Sobrado.

65 **Castorita**

Catano

Catapiro: En Ourense había un ferreiro moi popular a quen cantaban:

*“o Catapiro estaba na cama,
entráballe o sol, entráballe o vento,
e o Catapiro estaba contento”*

Catilo

Caxatas (O): *Dicc.* Bastón, pau ou vara con puño que se leva na man para apoiarse ao andar.

70 Cebrian: Home de frases, “contenta non, pero desenganada”.

Cego: *Dicc.* Invidente, Que non ve, que está privado do sentido da vista, ou non quere ver.

Cerra o Forno: Manchequelo.

Chafandín: Musico moi coñecido na sua época, tocou en Sobrado, Bentraces e pode que en Moreiras. *Dicc.* Persoa vaidosa e de pouco miolo. /Famoso bandido, valente e destro coa espada. /Personaxe da novela de Pio Baroja, El árbol de la ciencia. /Peza de tela destinada a abrigar o pescozo e o peito.

Chamín

75 Changai

Charrua: Veciña que foi de allariz, casada en Sobrado, alcume familiar dende bisavós, probablemente de emigrar a sudamérica. *Dicc.* Relativo o pobo indigena rioplatense, Uruguay.

Chatarras: *Dicc.* Ferralla, conxunto de obxetos vellos de ferro ou doutros metais, neste caso veciño de oficio albañil.

Chelines: Casado cunha filla do Vitinás.

Chimpeira

80 Chinto: Había dous, un era natural de Moreiras. Posiblemente iste alcume veña do nome propio de Jacinto.

Chiño

Chita

Chocolates: Irmao do Tripa.

Chofer: Oficio, un veciño era coñecido por o chofer ou chofer do gobernador.

85 Cholo: Familiar, pai e fillo.

Chosca: *Dicc.* Cerrar e abrir [un ou os dous ollos] para facer algún sinal./Que non ve dun ollo. /Breco. /Cego. /Torto. /Que lle falta un ollo. /Pitoño.

Chuliño: Que fala ou obra con chulería.
/Gracioso.

Chulo: *Dicc.* Que resulta atractivo e agradable a vista (cousa). Que ten ou mostra chularía (persoa). -*se ti es chulo, eu son mais-*.

Chumbo: *Dicc.* Elemento químico metálico de cor gris azulada, moi brando e pesado. O seu símbolo é Pb. / Proxectil dunha arma de fogo.

90 Churrita: Si proven de churra, voz empregada para chamar a galiña. / Raza de ovellas. E si proven de churro, Porción de masa feita con fariña e auga, en forma de cilindro largo e delgado con estrías, frixida en aceite.

Chusqui

Cicuta: Mote común, coñécese outro en Ourense, *Dicc.* Planta que contén un veneno moi activo, do mesmo nome.

Cirolas: Especie de calzón amplo de roupa interior masculina feito de lenzo de cor branca, algúns autores diferencian entre os calzoncillos (de roupa interior) e as cirolas

(peza exterior). /Ameixa de forma alongada na que a polpa se desprende facilmente da carabuña.

Cocas: Do barrio de Prado. *Dicc.* Pata grande con pinzas de algúns crustáceos.

95 Coelliño: Diminutivo de coello.

Coello: *Dicc.* Mamífero da familia dos lepóridos coas orellas tan longas como a cabeza e as patas traseiras máis longas ca as de diante que vive en estado salvaxe e tamén se cría como animal doméstico para aproveitar tanto a súa carne como a súa pel e do que existen varias especies.

Colibrí: Ave pequena capaz de manterse suspendida no aire mentres voa ,un dos aspectos máis curiosos dos colibrís é o movemento das súas ás, sábese que se moven moi rápido, unhas 70 veces por segundo, pero ademais o seu movemento é o patrón do infinito (como o número 8).

Colillas (O): Irmão do Quinto.

Cositas

100 Coteño

Coveliña: Posiblemente orixinario da palabra covelo ou covela.

Covelo: Do latín vulgar *covella*, 'cova pequena'.

Coxelas: Se proviñese do portugués, individuo coxo.

Cuco: Que é hábil para enganar ou para evitar o engano. *ex. -o dianteiro foi moi cuco e levou o balón disimuladamente coa man sen que o vise o árbitro-. /Que fai trampas no xogo ou noutra actividade. /Ave. /Coñecido guerrilleiro antifranquista Antonio Dosantos Ferreira “O Cuco”.*

105 Cuquiño: Orixinario e diminutivo da palabra cuco.

-D-

Danonino: Nome comercial de un iogur infantil para o crecemento, o coincidir co mesmo nome dous na familia, o mais alto quedoulle o alcume.

Demo: Mote común noutras poboacións, *ex. -este neno é un demo-*. /Traste. /Traveso. /Hábil. /Demonio. /Diablo.

-E-

-F-

Fandelo

Fandiño: Ademais de alcume é tamén apelido, orixinario do apelido italiano Fandino, en países sudamericanos chamabanlle así os españois e galegos.

110 Faneque

Farril

Ferreiriño: Oficio, fillo de ferreiro, cariñosamente.

Ferreiro: Oficio, persoa que crea obxectos de ferro ou aceiro por forxa-lo metal, ou sexa, a través da utilización de ferramentas como, fol, engra e martelo, dobra e corta, e moldea noutra forma o metal.

Ferrís

- 115 Fiaspas:** Pon unhas fiaspas, corta unhas fiaspas, vocablo da frase que acadou alcume.

Fonte: Alcume asociado o lugar onde vivia, *Dicc.* Lugar onde mana auga, que pode proceder dunha corrente subterránea natural ou ser conducida de forma artificial. *-Bebeu auga da fonte que hai ao pé da montaña-*.

-G-

Gabino

Galbana: *Dicc.* Pereza, especialmente a producida por o calor, desidia ou pouca gana de facer algo. /Guisante pequeno, esta definición encontrase en desuso.

Gandola: Sanguinario bandoleiro do século XIX, moi coñecido na época, tal e como recolle a prensa histórica, actuaba moito na zona de Sobrado e Moreiras.

- 120 Garibote**

Garrincha: Mote común entre xogadores de fútbol, Manuel Francisco dos Santos, coñecido como Garrincha, , foi un futbolista brasileiro. Xogaba de dianteiro e foi internacional coa selección brasileira.

Foi un extremo dereito habilidoso, veloz e bo rematador. Tiña unha perna 6 cm máis longa ca a outra e ademais os seus pés estaban xirados uns 80 graos cara a dentro.

Garroula (A)

Gato: Animal felino domestico, calquer adxetivo, habilidade deste animal podría ser o nexo deste alcume ou. / Nacido en Madrid. / Maquina que sirve para levantar pesos. / Bolso. / Instrumento para botar aros a cuba. / Ladrón que rouba con astucia.

Generales

125 Generotas (As): Casada co Borrallita.

Gisleno: Nome propio pouco frecuente usado como alcume.

Gorromino

Grilo: *Dicc.* Insecto da orde dos ortópteros, saltador, duns tres centímetros de tamaño e de cor negra, que se caracteriza porque o macho produce un son monótono ao fretar os élitros.

Gruños: Sábedes que son os gruños?.
Dicc. Término obsoleto para o fruto do endrino. E a quen apodaban o gruños?, Manuel Sabuz, gran músico de Sobrado, tocaba o tenor.

130 Guichas (As): Terreos pequenos, comida coa que se recompensa un pequeno traballo.

Guriñao: Posiblemente derivado de enguruñar, encoger ou reducir. Por andar curvado, encollido, osea enguruñado.

-H-

Hachi

-I- -J-

-K-

Koki

-L-

Lacoia (O): Fillo do Bufo.

135 Laponas (As): *Dicc.* En singular que come moito e que goza facéndoo, paponas, lambeteiras.

Laro: Tamén coñecido como Pelón, Músico da Banda de Sobrado, natural de Moreiras.

Latuneiros

Lavareda: Posiblemente derivado de lava, chama grande. En sentido figurado podería ser intenso ou impetuoso. Hoxe afincados en Sobrado e Moreiras.

Lázaros (Os)

140 Lechón: *Dicc.* Cría do porco, especialmente mentres mama. / Persoa sucia, desaseada.

Listo

Llorona La

Llote / Yote

-M-

Macallán: Xogou o fútbol en Sobrado.

- 145 **Machote:** *Dicc.* Que reúne en gran medida ou como prototipo as cualidades que, tradicionalmente, se consideran propias do sexo masculino como forza, valentía etc. *-Demostralles a todos que es moi machote-*.

Maestro: ou Mestre/a, fai referencia a persoa que estudou maxisterio ou Técnico de Educación infantil, e encargase de ensinar aos alumnos nas escolas .En varias artes como a música, arquitectura, danza, literatura, pintura ou oficios como a albañilería, a pesca ou o toureo, etc., úsase este título como grao de xerarquía ou para aqueles cuxa obra transcendeu despois da súa morte.

Malita

Maloraio: O Tio Maloraio estivo na guerra de cuba.

Manchequela

- 150 **Manolán**

Manote: Parente do Min.

Manueleiro

Mañanas: De oficio comisario de policía, coñecense este alcume en outros pobos.

Maño: *Dicc.* Natural ou pertencente a Aragón.

- 155 Maradona:** Mote típico no mundillo futbolístico. Foi un futbolista e adestrador arxentino. Desempeñouse como dianteiro ou mediocampista ofensivo que destacou pola súa extraordinaria técnica xunto cunha ampla visión do xogo. Considerado un dos mellores futbolistas de todos os tempos e o mellor da súa xeración.

Mariola: Alcume común nas chamadas Marías. A algún home tamen llo chamaban.

Mariolo

Marracú

Marrello: Sinónimo do animal, porco, cocho, quino, tamén usado como sucio.

160 Marruá

Maruco

Matapitas: Mata-pitas, ademais existe unha planta tóxica chamada Torvisco que usa este alcume.

Medallón: Do aumentativo de medalla.

Medio bollo

165 Migalla

Mimicha

Min

Mirrolo: Alcume de unha deformación da palabra “miolo”, segun a RAG, cerebro, intelixencia, parte fundamental ou mais importante de algo, interior de calquera cousa e parte interior do pan.

Miss: É frecuente en infinidade de localidades. Adóitase usar para designar a unha muller bela, ou á gañadora dun concurso de beleza.

170 Mister: *Dicc.* Título dado ao gañador dun concurso de beleza masculino. / Forma de tratamento que equivale a ‘señor’ nos países de fala inglesa. / Adestrador.

Moné

Monino: Irmao de Dolores Crestelo Novoa.

Moniña: Irmao do Tajada.

Moñica: Familia do Parrocho.

Moreta

175 Moro: Por as peculiaridades da raza. De pel escura, e pelo basto e moreno.

Morocha: Dito de unha persoa que ten a pel morena ou o pelo negro.

Morte

Muradás

Muxicas: Partícula con lume ou xa reducida a cinsa que salta dun corpo en chamas. Faísca.

-N-

180 Nachos (Os)

Navarro: Exemplo de apelido orixinario de un alcume ou mote de lugar. Camilo Alonso Alvarez falecido en 1946 era fillo do Navarro, un membro dos corpos de seguridade do estado destinado en Navarra.

Nefasto

Nena: Cativa, meniña, pequena, rapaza. Persoa que está na nenez.

Nené

185 Nequerecho

Nini

Noalla

Nochas

Nochiñas

-Ñ-

-O-

190 Oritú

-P-

Pachana: *Dicc.* Corpulenta, graúda, persoa de corpo ancho e alto. *É unha moza pachana e de cara colorada.*

Paciencia: *Dicc.* Capacidade de non alterarse, de facer cousas minuciosas, de saber esperar. Tamén se podería referir á lentitude. Ademais é coñecido un bolo feito con améndoas , ovo , azucre e fariña con ese nome. /Resalte inferior do asento dunha cadeira de coró, que serve de apoio a quen está de pé.

Panadeiro: Que fai pan. Oficio.

Panchico: Dos Touciñeiros.

195 **Pañuelito:** Avó do Quinto.

Papapo

Paparrota

Papuxas

Pardalés

200 Pardiña

Parrocho

Parrulo: Inocentón, persoa boa que abusan del, *-un parruliño iso é para o meu ..sempre desde o agarimo!!-*. Ave dá familia dos anátidos dá que existen diversas especies. *Vense bandadas de parrulos*. Persoa que se deixa enganar con facilidade, *- aproveitábase daquela parrula para gañar cartos sen traballar-*.

Paspallás

Pataca: Tubérculo comestible da planta do seu mesmo nome, ademais é unha antiga moeda de prata, e tamén a unidade monetaria de Macau.

205 Patacolas: Pode provir da palabra pataca, da planta ou tubérculo, tamén pode ser orixinaria de pataco, que é unha persoa aldeana, rústica, zafia ou tosca. *-Quita o testo que xa tan a ferver as patacolas. Pola*

mañá pataquiñas, a mediodioa patacolas e a noite patacas-.

Pataquiña: Diminutivo de pataca. Alcume familiar traído de Celanova, o Tino da Rosita.

Pedrolas (As): Fillas de Pedro.

Peitodecepa

Peitodefento

210 Pellejera: Muller do Pichón.

Pemento: *Dicc.* Froito comestible desta planta, que consiste nunha baga oca, xeralmente en forma de cono, de diversos tamaños segundo a clase, verde ao principio e logo vermello ou amarelo, que contén no seu interior moitas sementes e que, as veces, ten sabor picante.

Peó: PO. Por as letras da matrícula dun vehículo que tivo, de pontevedra.

Pepea

Pequeña

215 **Perebé**

Peregrinos: Eran matrimonio.

Perico: O nome de Perico procede do diminutivo de Pero, Pedro.

Perinete: Perinette, así escribiase nas cartas recibidas dende suiza.

Perrís: Casou en Sobrado, da zona de Santa Comba, mote familiar, herdado.

220 **Perrón**

Pes de gata: *Dicc.* Calzado usado para a escalada.

Petra: O nome Petra é de orixe latina. O seu significado é "firme como a pedra", polo que na súa personalidade destaca a firmeza e dureza. Tamén corresponde ao feminino do nome Pedro.

Picante: Que produce unha sensación de ardor no padal ou na lingua. *-Gustanme os pementos algo picantes-*. /Que ten certo carácter mordaz ou obsceno que resulta gracioso.

Picho: *Dicc.* Cano ou billa por onde verte a auga unha fonte. / Bico dun recipiente, en forma de canle, por onde verte o líquido. / Cano, caleiro, biquela.

225 **Pichón:** Cría da pomba doméstica. "*tiro de pichón*"; os nenos daban para comer da súa man os pichons". Termo que se aplica cariñosamente as persoas, *-adeus pichón, vereite nun intre-*.

Pilopa (O)

Pimba (A): Parente do Parrocho.

Pinchas

Piño: Coloquialmente dente, corpo duro da mandíbula. *Partín un piño.*

230 **Pio**

Piqui

Pirri

Piruchiño

Pito

235 Pixotas

Platanito

Pobadura (O): Arturo Vazquez, faccioso o bandolero , do lado carlista durante a primeira guerra con ese nome, capturado en Castrelo de miño en 1838, paseado nesa condición por Sobrado.

Pollo: Mote común, usado no exercito. Soldado novato. Cría moza das aves e en especial da galiña. Home novo.

Pombeiro (O): Natural da Pombeira.

240 Popiña

Portugues / Portugueses: *Dicc.* Natural de Portugal, país soberano da península ibérica, ou pertencente ou relativo a este país.

Poulo

Primiño: Diminutivo de primo.

Primo: Fillo do tío dunha persoa. /Persoa incauta que se deixa enganar ou explotar facilmente. /Primeiro. /Primoroso, excelente.

245 **Purrú**

Puskas: Típico alcume, normalmente posto a algún practicante de fútbol. Ferenc Puskás, figura lendaria do fútbol mundial e considerado como un dos mellores futbolistas da historia, foi internacional por dous países, circunstancia permitida na época, contabilizando 89 encontros coa selección húngara e a española, gañou a Medalla de Ouro nas Olimpíadas de Helsinqui e logrou o subcampeonato na Copa Mundial de Suíza 1954, é o terceiro xogador con maior número de goles oficiais a nivel mundial con 806 goles e o sexto mellor xogador do século xx. Alcumado « Cañoncito Pum» , a FIFA outorga o Premio Puskás na súa honra, sendo outorgado ao xogador que anote o mellor gol da tempada.

-Q-

Quinto: *Dicc.* Mozo chamado para facer o servizo militar e que inda non xurou

bandeira. /Intervalo que consta de tres tons e un semitón. / Botella de cervexa que contén aproximadamente 1/5 de litro. / Que ocupa o lugar número cinco.

-R-

Raba

Ramonita (O): O Ramoniña.

250 Randán

Rascayú: Unha canción popular decia así:

Todas las noches iba al cementerio
a visitar la tumba de su hermosa
y la gente murmuraba con misterio:
"es un muerto escapado de la fosa".

Rascayú, cuando mueras ¿qué harás tú?
Rascayú, cuando mueras ¿qué harás tú?
Tú serás un cadáver, nada más.
Rascayú, cuando mueras ¿qué harás tú?

Rata

Rato: De oficio barbeiro, vivía enfrente da Perebé.

Raú: Casado cunha neta do Cañete.

255 **Ravecho**

Red bull: Bebida enerxética con alto contido en cafeína, a mais vendida do mundo nesta categoría, ademais dunha empresa que patrocina deportes extremos.

Rey de Prado: Frase típica dil “este pájaro hablará despues de muerto”.

Rinqui

Riquezas (Os): O riqueza, maruco.

260 **Rivelino:** Pola aparencia física (bigote), co futbolista brasileiro Roberto Rivelino.

Romella (A)

Rubianas (O): Manuel Domínguez, músico da Banda de Sobrado, en prensa histórica aparece nunha noticia por unha pelea.

Rumbana

Ruque: Adolfo Valdés “Ruque” ou “O Ruca”, foi desde a súa creacion, o segundo director

da Banda de Música de Sobrado, permanecendo unha primeira etapa ata 1933, conseguindo baixo a súa batuta os momentos máis álxidos da súa historia, obtendo na década dos anos vinte, dous primeiros premios en Ourense e Santiago.

265 **Rusca**

-S-

Sabuciño: Derivado do apelido Sabuz, ou diminutivo.

Sacristán: Persoa que nas igrexas ten o seu cargo axudar o sacerdote no servizo do altar e coidar dos ornamentos e da limpeza e aseo de igrexa e sacristía.

Sanabrés: Propietario, dos mais poderosos e ricos do pobo.

Sardiña: Alcume común en varios pobos.

270 **Serodio**

Sevillón

Silmar: Nome comercial.

Sutil

Sutila (A): Filla do Sutil, e muller do Ferreiro.

-T-

275 **Taco (O):** De Loiro.

Tacones

Tajada (O): Irmán do Moniña.

Tantarrís: Manuel Souto Sanchez, que foi músico, trompetista da Banda de Sobrado e Director da Banda de Soutopenedo, vivia en Balvís e faleceu en 1966. O seu alcume orixinase nun páxaro, vin un niño de tantarrís, afirmaba.

Tatá: Tiña problemas ca fala. Tatexo.

280 **Tatoucho**
Tin

Tio Lolo: Solteirón.

Tio Tono

Titó: Irmán do Basilio.

285 Toribios

Torrototó

Tortilleiro

Touciñeira: Probablemente refírese a touciño, tanto que lle guste, coma que o vende, tamén se denomina con ese termo o pau ou ferro do que se colga o touciño ou outra carne.

Trellerma

290 Tripa: Irmán do Chocolate.

Trochas: *Dicc.* Vereas ou camiño angosto, ou que serve de atallo para ir a unha parte. /Camiño aberto na maleza. /Ancho da vía férrea.

Truco: *Dicc.* Cada unha das mañas ou habilidades que se adquiren no exercicio dunha arte, oficio ou profesión. /Trampa que se utiliza para o logro dun fin. / Cencerro grande.

-U-

-V-

Virichote

Vitinás: Emilio Seara López, músico dos inicios da Banda de Sobrado, tocaba o clarinete.

-X-

295 Xabeque

Xastre

Xastriño: Diminutivo de xastre, persoa que ten por oficio cortar e coser traxes, principalmente de home.

Xedro

Xerelo: Peixe mariño da familia dos caránxidos, de corpo gris verdosa polo lombo e gris prateada polos costados. Chicharro.

300 Xilguero: *Dicc.* Paxaro moi común da familia dos flinxílicos, de cor parda no lombo, co

rabo e a cabeza brancos e negros, as ás tamén brancas e negras cunha franxa amarela e a cara vermella. Ademais canta moi ben.

Xou

Xouba: *Dicc.* Sardiña pequena. Peixe da familia dos clupeidos duns vinte e cinco centímetros, corpo alongado e algo comprimido, cor azul verdosa no lombo e prateada no ventre, que vive en cardumes.

Xubelin

Xuco

-Y-

-Z-

305 Zopas

Zorriño: Fillo do zorro.

307 Zorro: Por astuto. Persoa taimada e solapada. Raposo. Mamíferos carnívoro salvaxe da familia dos cánidos, que se caracteriza por

ter o fociño e as orellas afiadas e o rabo longo e peludo.

Alcumes da contorna

Inda que nesta lista de alcumes aparecen algúns que non son naturais de Sobrado, teñen relación por diversos motivos, seguidamente veredes unha pequena de lista de algúns dos alcumes dos pobos limítrofes, seguramente por un ou outro motivo, tamén terán unha preta relación co noso pobo ou cos nosos veciños.

Barbadás:

Bolero: *Dicc.* Canción bailable de ritmo lento/ en desuso que baila bolero o cualquier baile regional de España/ coloquialmente, que dice muchas mentiras, en Sudamérica se usa mucho esta palabra, desde limpiabotas a juguete o sombreiro de copa podrían ser sus significados.

Bubelo O: Podría vir de bubela, raza de páxaro, ou de persoa distraida, pouco sensata, que se confunde fácilmente.

Cagalla A: *Dicc.* Boliña de madeira situada na parte ancha do fuso. / calquera cousa redonda de pequeno tamaño. / excrementos das cabras, ovellas etc, semellante á unha bola. / Ferida producida por o salitre nos pes.

Calistras As

Camisas Os: *Dicc.* Prenda de vestir. / Piel seca que desprende la serpiente.

Cananos Os

Cañea O

Caños Os: *Dicc.* Tubo, peza de artillaría, oco das plumas das aves, val frofundo escavado por o curso da auga.

Caramás Os

Carramelo O: *Dicc.* De baixa estatura e coas pernas tortas cara a fóra.

Cataco O: *Dicc.* Pescado moi común nas costas venezolanas.

Cazolos Os: *Dicc.* Plural de cazo, Recipiente, xeralmente de barro, máis estreito e alto e de menor capacidade ca a cazola, ademais de unha localidade de A Coruña.

Chalanero: O Pepiño de Pontón. Probablemente da palabra chalán, con astucia, compra e vende cabalos ou doma os mesmos.

Chencho O: Baldomero.

Chises Os

Chundarrera A

Gallegos Os

Grao O

Guizo O: *Dicc.* Anaco de madeira delgado e seco, normalmente da punta dunha póla, que serve para facer lume.

Inverno O

La muerte O

Larpas O

Moranxos Os

Moulón O: *Dicc.* Que non ten vontade para traballar.

Neno O

Marabú O: *Dicc.* Ave da familia dos cicónidos propia de África, de corpo branco na parte inferior e agrisado na superior, e o peteiro moi longo e groso.

Músico O: Virgilio.

Pamposa A

Parafusos Os: *Dicc.* Peza de metal, madeira etc., co corpo en forma de rosca que, ao facela xirar sobre si mesma, se introduce nunha porca ou nunha superficie.

Pataqueiros Os

Paxarelas As

Paxariño O

Pega O

Peixe O

Pelona A

Pepa grande A

Pepe ruín O

Pequerrecha A

Perdigós Os : matrimonio con oito fillos que se levaban pouco tempo, sendo pequenos chamábanlle por este alcume o ser moitos e pequenos.

Picho O

Pochas As

Puncianas As

Quenquén O

Rufinos Os

Rumba O

Sin dedos O: Típico alcume de peculiaridade física.

Sin orella O: Típico alcume de peculiaridade física.
Tocó O

Tupino O

Valerios Os

Venturas Os

Viñote O

Zucha na billa O

Bentraces:

Alibarda Os da: Por o nome do pai, Elibardo.

Baila na corda: Veciña de Bentraces, subia o campanario de igrexa pola corda de toca-la campá e balanceábase

Barbeiriño: Profesión.

Benera (O)

Berma (A)

Bicas (O)

Birichote

Borralleiro: Por comprar e vender a cinza como abono pas fincas.

Botas: Natural de Bentraces, tocaba o xaxofón na Banda do citado pobo, sendo director Adolfo Valdés “Ruque”.

Callán – Cayán: Músico de Bentraces, tocaba a caixa na banda do seu pobo, conincidiu co Ruque como director. *Dicc.* Planta medicinal / Toldo feito con canas de bambú.

Callanas (As)

Chancas (O): Podría vir de chancla ou zoco.

Chimpabicas

Eladiño (O): Diminutivo de Eladio.

Espagueti: Por delgado.

Filocha (A): De Filomena.

Gorrete:

Lito: Diminutivo común para varios nomes, neste caso en concreto, de Marcial.

Mandrulo (O)

Mañanas (O)

Maqueira (O): Sexa ou non apelido, este alcume podería provir da palabra maquia (medida), recipiente para medir, ou medida de capacidade para graos ou legumes.

Marrelleiro: Por ser tratande de porcos.

Milhomes (O): *Dicc.* Home pequeno e bullicioso, pretende ser apto para todo, intervir en todo e saber de todo.

Nenollo (O)

Pampanavira (O)

Patarino

Perete (O)

Pipiola: Principiante, novata o inexperta, coloquialmente nena, noviña.

Piquico

Pixanas

Pola

Poldo: Diminutivo do nome Leopoldo.

Ramone (O): Do nome Ramón.

Ranas

Randán: Familiar, tanto en Bentraces, Sobrado ou Loiro usase este alcume.

Reques (O)

Roca (A tía)

Romero: Por ser bromero e gustarlle a festa.

Ruendo (O)

Santena (A)

Taboletas

Testa (A)

Tupiutu (O)

Vigués: Alcume relacionado ca localidade de Vigo.

Xabiela (A)

Xirolas: Tamén alcumeado Parrufas.

Zorro: Practicamente en todas as localidades existe un zorro. Astuto.

Moreiras:

Antelas: Así era coñecido D. José Nieto, que foi mestre escola en Moreiras e Loiro, o seu alcume probén por haber impartido a docencia no pobo de Sandiás.

Cabanelas (Os): Alcume familiar procedente de apelido, veciños de Moreiras.

Carrizos: Alcume familiar de Moreiras, por pequenos de estatura, ven do páxaro Carrizo, a terceira ave mais pequena de europa.

Caseiros (Os): Familiar, de Moreiras, posiblemente por ser algún antepasado caseiro dunha vivenda.

Estanqueiros: Podería provir de estanque, pero neste caso aos alcumeados de Moreiras provenlle por ter un comercio de tabaco.

Lanchas: Por ter os pes grandes, de Moreiras, común noutros pobos. Dicc. Pedra mais ben grande, lisa, plana e de pouco grosor.

Manchos: Mote familiar, tiñan comercio de ultramarinos en Moreiras, as fillas coñecense por as manchas.

Pego (O): Bar activo no 2022 en Moreiras, polo tanto, alcumeado o dono, probablemente de pega, páxaro.

Peixe: Por xogar o fútbol, gran xogador do Celta de Vigo, alcume posto a un veciño xogador histórico de Moreiras.

Tendeiros (Os): Modesto Freijoso, por ter comercio, tenda.

Xoquís (Os): Mote familiar, posiblemente de Xoaquín.

Xa para finalizar con esta pequena lista de motes e alcumes, deixámosvos outros sobrenomes usados no pobo de Sobrado do Bispo, que proveñen de diminutivos, apelativos, apócopes, aféreses, abreviacións ou agregacións comúns,

deformacións, así como alteracións fonéticas típicas dos nomes propios, ou xenéricas do propio pobo.

Bea	Conchita	Leo
Belita	Dina	Lola
Carliños	Domi	Lucita
Carmiña	Fito	Luisito
Carmucha	Flori	Manel
Castorciño	Florita	Manola
Charo	Fofi	Manolo
Chelo	Fran	Mari
Cholo	Geniño	Marita
Chus	Landriño	Marité
Conchela	Landro	Mila

Miloch	Pepiño	Ramonita
Moncho	Pepito	Rita
Nacho	Perico	Rosita
Olimpit	Pilarita	Susa
a	Pili	Suso
Pastorit	Puri	Teresita
a	Purita	Teté
Pepe	Rafa	Tilita
Tino	Tito	Visita
Tita	Trini	Xenxo
Etc...		





